

INFORME DE RESULTADOS

Enquisas de avaliación do
ITINERARIO FORMATIVO
virtual de xénero (8. a edición)

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo

ÍNDICE


1. Introducción.....	3
2. Datos de participación no Itinerario formativo virtual en xénero	4
a. Sexo das persoas participantes	6
b. Vinculación coa universidade.....	7
3. Valoración de diversos aspectos do Itinerario	9
a. Duración das actividades formativas	10
b. Avaliación da utilidade da actividade.....	10
c. Grao en que cumpriu as expectativas	10
4. Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma Moovi	11
a. Valoración da estrutura do MOOC.....	11
b. Valoración da Plataforma Moovi	11
5. Cualificación xeral do Itinerario	12
6. Conclusións finais e respostas abertas.....	12
a. Respostas abertas.....	13
b. Reflexións e valoracións de estudantes do IFVX.....	15

1. Introducción

O Itinerario formativo virtual en xénero, xa recoñecido como unha acción estable e de alta calidade, proporciona formación con perspectiva de xénero en diversos campos do saber. Estes cursos, desenvolvidos e impartidos por profesionais con destacada experiencia e formación en xénero, son promovidos e organizados pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, grazas ao respaldo financeiro da Secretaría Xeral de Igualdade e aos fondos do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.


A oitava edición do Itinerario formativo virtual en xénero desenvolveuse dende o 20 de abril ata o 20 de maio do 2023 cunha oferta de 22 cursos dispoñibles en formato virtual, tras incorporar tres novas propostas:

- [A inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria](#)
- [Tres pensadoras na historia da teoría feminista](#)
- [Machismo dixital. A *manosfera*](#)




Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria
María José Róduez Jaime
Duración: 15 h

Tema 1. Principio de igualdade de xénero, perspectiva de xénero e docencia
Tema 2. Perspectiva de xénero no currículo formal
Tema 3. Perspectiva de xénero no currículo oculto




Tres pensadoras na historia da teoría feminista
Antía Pérez Caramés
Duración: 15 h

Tema 1. Mary Wollstonecraft
Tema 2. Betty Friedan
Tema 3. Shulamith Firestone



Machismo dixital.
A *manosfera*
Elisa García Mingo
Duración: 15 h

Tema 1. Definición e contextualización da *manosfera* española
Tema 2. Subculturas da *manosfera* española
Tema 3. O traballo ideolóxico da *manosfera* española



As tres propostas están deseñadas e impartidas por expertas recoñecidas e docentes en universidades públicas españolas.

De novo, o Itinerario ofreceuse como un recurso preferentemente para a comunidade universitaria da Universidade de Vigo aínda que o acceso non estaba restrinxido a outras persoas que puideran ter un especial interese na materia.

Como se fixo na edición previa, os materiais de todos os cursos, a excepción dos últimos catro cursos que se incorporaron, continúan dispoñibles na [web](#) do Itinerario.

A convocatoria divulgouse por medio das [web](#) habituais da UVigo, en todos os perfís de redes sociais da Unidade de Igualdade e na páxina [web](#) do itinerario.

Os cursos completados foron recoñecidos, como en anteriores edicións, cun certificado de aproveitamento que contabiliza as horas formativas previstas (40 horas para o curso Introducción á perspectiva de xénero e 15 horas para as restantes formacións). Tamén se outorgou unha insignia dixital tras completar a enquisa final de avaliación, constituíndo un recurso de visibilidade e valorización da formación en Igualdade.

Desde esta convocatoria a páxina web onde se recolle toda a información do Itinerario está tamén dispoñible [en inglés](#), para aumentar a difusión deste programa formativo entre o estudantado estranxeiro.

2. Datos de participación no Itinerario formativo virtual en xénero

Segundo os datos recollidos a través da plataforma Moovi, o número total de matrículas nesta última edición alcanzou as 1 081. Este número, aínda que inferior ao da edición anterior, mantén a tendencia de alta participación, considerando que, como na sétima edición, a formación foi dirixida especificamente ao alumnado e persoal vinculado á Universidade de Vigo, e non ao público xeral.

Nesta edición, mantivemos a oferta de 120 prazas por curso, aínda que nesta ocasión non houbo persoas en lista de agarda.

En canto ao rendemento, constatamos que a tendencia observada na edición anterior continuou nesta última: non todas as persoas matriculadas completaron os cursos. Isto é algo habitual en cursos destas características. As porcentaxes de éxito variaron entre o 29,03 % e o 78,57 %, resultando en 621 cursos completados dentro do prazo previsto, cunha porcentaxe media de éxito do 57,45 %. Aínda que esta cifra representa un descenso en comparación co 73,39 % da edición anterior, segue evidenciando un alto grao de compromiso e interese no noso programa de formación.

A continuación, presentamos os datos actualizados, por curso, indicando o número de persoas inscritas, o número de cursos rematados e a porcentaxe de eficiencia terminal por cada MOOC e en total:

CURSOS	Nº de matriculas	Nº de diplomas	Proporción
Intelixencia artificial e xénero	52	30	57,69
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	41	17	41,46
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	45	29	64,44
Políticas públicas de igualdade	51	35	68,63
Pornografía	38	24	63,16
Novas masculinidades	38	23	60,53
Pensar o amor no século XXI	41	22	53,66
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación	47	29	61,7
Mulleres e ciencia	28	22	78,57
A comunicación e o xénero	62	33	53,23
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	35	18	51,43
O xénero e o sexo no século XXI	31	9	29,03
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	40	21	52,5
A perspectiva de xénero na educación	54	27	50
Educación afectivo-sexual	67	37	55,22
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	42	17	40,48
Economía de xénero	33	22	66,67
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	64	36	56,25
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	69	46	66,67
Machismo dixital. A mansofera	87	52	59,77
Normativa básica de xénero	47	27	57,45
Introdución á perspectiva de xénero	69	45	65,22
TOTAL	1081	621	57,45

Os datos actualizados por curso permiten observar o interese nas distintas temáticas ofertadas. Continúa destacando o curso introdutorio, Introducción á perspectiva de xénero, especialmente recomendado para aquelas persoas que non teñan formación previa en xénero. Nesta edición, destacaron de maneira particular dous dos cursos que se ofertaban por primeira vez, Machismo dixital. A *manosfera* e Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria. Ambos cursos atraeron un alto número de matrículas e acadaron unha considerábel eficiencia terminal.

Nesta edición, o 57,45% das matrículas completáronse con éxito, unha cifra lixeiramente inferior á da [edición anterior](#) (73,39%). Esta lixeira baixada, aínda que merecedora de atención, non resta valor ao noso Itinerario como unha acción efectiva e moi necesaria para responder ás necesidades formativas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo. Temos o compromiso de mellorar esta cifra para manter o impacto do IFVX, promover unha mellor eficiencia terminal e seguir traballando para facer do noso Itinerario unha referencia na formación con perspectiva de xénero.

Edición	1ª	2º	3ª	4ª	5ª	6ª	7ª	8ª	TOTAL
Inscripcións	1 257	656	905	284	903	1 900	1 845	1 081	8 831
Cursos rematados	779	405	799	219	435	595	1 354	621	5 207

a. Sexo das persoas participantes

Segundo os novos datos extraídos das enquisas realizadas polo alumnado, o 81,32 % dos cursos rematados foron feitos por mulleres, o 23,86 % por homes e o 0,32 % por persoas que non se identifican con ningunha destas categorías.



Continuamos a recoller os datos desagregados por sexo das persoas que remataron as diferentes accións formativas.

CURSOS	MULLERES	HOMES	OUTROS
Intelixencia artificial e xénero	22	8	
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	13	6	
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	21	10	
Políticas públicas de igualdade	24	10	1
Pornografía	19	5	
Novas masculinidades	20	4	
Pensar o amor no século XXI	21	3	
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación	23	8	
Mulleres e ciencia	16	6	
A comunicación e o xénero	30	7	
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	13	6	
O xénero e o sexo no século XXI	9	5	
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	15	6	
A perspectiva de xénero na educación	24	5	
Educación afectivo-sexual	31	9	
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	14	4	
Economía de xénero	16	7	
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	33	6	
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	36	11	
Machismo dixital. A mansferra	45	10	1
Normativa básica de xénero	23	5	
Introdución á perspectiva de xénero	39	8	
TOTAL	507	149	2

A participación na formación en xénero e o interese por estas temáticas continúan a ser maioritariamente femininos, en consonancia coas tendencias observadas nas edicións anteriores. No entanto, é notable o incremento na porcentaxe de homes que completaron os cursos nesta última edición, respecto á anterior. Este dato é un signo alentador do aumento na sensibilización e o interese polo estudo do xénero entre o público masculino.

Recoñecemos, que aínda queda moito por facer para atraer unha maior diversidade de participantes a este programa formativo. Un dos nosos obxectivos principais para as futuras edicións é fomentar a participación de toda a comunidade universitaria, independentemente do seu sexo.

A crecente demanda de formación en xénero - un factor xa integrado nos criterios de elixibilidade do programa Horizonte Europa e nos temarios de acceso ao emprego público - confirma a necesidade de seguir ofertando o Itinerario. Ofrecer a posibilidade de iniciar a formación con perspectiva de xénero, a un ritmo adaptable ás necesidades individuais e con contidos variados, é un recurso inestimable. Non só atrae a un amplo espectro da comunidade universitaria, senón que tamén contribúe a mellorar as habilidades profesionais e fomenta a busca da excelencia. Mantemos o noso compromiso de seguir mellorando e adaptando o noso programa de formación para responder de maneira eficaz ás demandas e intereses da nosa comunidade.


b. Vinculación coa universidade

Na análise da relación coa Universidade de Vigo deste ano, observamos unha importante mudanza nos patróns de vinculación. O grupo máis numeroso agora corresponde ao alumnado, que constitúe o 41,64 % do total. Desta porcentaxe, o 70,80 % son mulleres e o 28,83 % son homes. Este aumento substancial na participación de estudantes é un claro indicativo do progreso na integración da perspectiva de xénero na formación universitaria.

O segundo grupo máis numeroso é o de persoas con outra vinculación coa Universidade, abarcando o 35,41% do total. Este grupo inclúe exestudantes e persoas sen ningunha relación coa UVigo. De modo similar á edición anterior, a pesar de que a comunicación desta edición estaba principalmente dirixida á comunidade universitaria, recibimos inscricións de persoas sen vínculo coa institución. No entanto, é notable que este grupo experimentou un descenso en comparación co ano anterior, o que puidese ser interpretado como unha maior eficacia na nosa orientación de comunicación.

Os PAS son agora o terceiro grupo en tamaño, representando un 10,49 % do total. Entre eles, un 14,49% son homes, marcando a maior presenza deste colectivo, e o 85,51 % son mulleres.

Por último, o colectivo dos PDI representa un 12,46 % do total, cunha distribución de xénero de 70,73 % mulleres e 29,27 % homes. Aquí tamén notamos un incremento na participación masculina.



	PDI	PAS	ALUMNADO	OUTRA VINCULACIÓN
MULLERES	58	59	194	196
HOMES	24	10	79	36
OUTRO	0	0	1	1
TOTAL	82	69	274	233

Na seguinte táboa pódense observar os datos de vinculación coa Universidade de Vigo desagregados por sexo de cada un dos cursos desta edición do Itinerario.

CURSOS	PDI			PAS		
	Mulleres	Homes	Outra Categoría	Mulleres	Homes	Outra Categoría
Intelixencia artificial e xénero	4	0		4	0	
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	1	2		1	2	
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	1	2		1	2	
Políticas públicas de igualdade	0	0		0	0	
Pornografía	0	0		0	0	
Novas masculinidades	0	0		0	0	
Pensar o amor no século XXI	1	0		1	0	
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación	5	3		5	3	
Mulleres e ciencia	1	0		1	0	
A comunicación e o xénero	4	2		4	2	
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	0	0		0	0	
O xénero e o sexo no século XXI	0	0		0	0	
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	0	2		0	2	
A perspectiva de xénero na educación	3	1		3	1	
Educación afectivo-sexual	0	0		0	0	
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	1	0		1	0	
Economía de xénero	1	1		1	1	
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	7	0		7	0	
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	14	7		14	7	
Machismo dixital. A mansofera	9	1		9	1	
Normativa básica de xénero	3	1		3	1	
Introdución á perspectiva de xénero	3	2		3	2	
TOTAL	58	24	0	59	10	0

CURSOS	ALUMNADO			OUTRA VINCULACIÓN		
	Mulleres	Homes	Outra Categoría	Mulleres	Homes	Outra Categoría
Intelixencia artificial e xénero	10	4		7	3	
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	4	2		6	2	
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	6	5		13	2	
Políticas públicas de igualdade	11	5	1	12	3	
Pornografía	3	4		14	1	
Novas masculinidades	9	3		10	1	
Pensar o amor no século XXI	10	3		9	0	
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación	8	4		7	1	
Mulleres e ciencia	7	3		6	2	
A comunicación e o xénero	12	3		10	1	
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	6	5		5	1	
O xénero e o sexo no século XXI	2	3		6	1	
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	8	3		6	1	
A perspectiva de xénero na educación	11	3		8	0	
Educación afectivo-sexual	12	5		15	3	
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	7	3		5	1	
Economía de xénero	7	4		7	2	
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	11	4		10	2	
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	13	2		3	2	
Machismo dixital. A manófera	13	4		16	5	1
Normativa básica de xénero	8	2		10	2	
Introdución á perspectiva de xénero	16	5		11	0	
TOTAL	58	24	0	59	10	0

3. Valoración de diversos aspectos do Itinerario



A valoración do Itinerario por parte das persoas participantes foi recollida nunha enquisa final, que se solicitaba cumprimentar para poder descargar a insignia dixital EU TEÑO FORMACIÓN EN IGUALDADE.

Neste cuestionario debían responder sobre diferentes aspectos da organización e xestión dos cursos como a duración, a utilidade, se a formación cumprira as súas expectativas iniciais, a súa impresión sobre o deseño do MOOC, o funcionamento da plataforma e, por último, a impresión xeral.

As respostas ían nunha escala de cinco categorías, entre moi ben e moi mal en cada un dos ítems. No cadro presentamos os resultados obtidos en cada unha destas categorías nas seis preguntas formuladas.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal	Moi Mal
Duración da actividade	442	147	51	14	4
Utilidade do curso	411	166	56	18	7
Grao en que cumpriu as súas expectativas	403	154	66	27	8
O curso está deseñado para a docencia en liña autónoma (tipo MOOC). Paréceche correcta a súa estrutura?	458	140	41	12	7
O curso desenvolveuse na plataforma Moovi. Como a calificarías?	444	158	41	9	6
En conxunto, como calificarías o curso	392	211	41	11	3

Como se pode observar os datos das valoracións son moi parellos xa que moitas das persoas realizaron varias accións formativas e as súas impresións vense replicadas nas enquisas de cada un dos cursos que completaron, salvo algún aspecto puntual.

a. Duración das actividades formativas

Moi ben	442	67,17%
Ben	147	22,34%
Regular	51	7,75%
Mal	14	2,13%
Moi mal	4	0,61%

Na avaliación da duración dos nosos cursos, notamos un incremento na satisfacción, onde o 67,17 % das persoas participantes expresaron que a duración lles parece moi ben, mentres que, na edición anterior, este porcentaxe era do 48,89%. Lembremos que, agás o curso introdutorio de 40 horas, todas as accións teñen unha duración estimada e certificada de 15 horas. Ao agregar o 22,34 % que cualificou a duración como ben, obtemos unha valoración positiva do 89,51%.

Estes resultados apoian a duración do Itinerario tanto nas horas de realización previstas como no tempo en que está dispoñible o Itinerario.

b. Avaliación da utilidade da actividade

Moi ben	411	62,46%
Ben	166	25,23%
Regular	56	8,51%
Mal	18	2,74%
Moi mal	7	1,06%

Na avaliación da utilidade das diferentes accións formativas, os resultados foron aínda mellores este ano. Un total de 411 persoas, que representa o 62,46 % das respostas, outorgou o valor máis alto. Este resultado, superior en case sete puntos ao do ano anterior, reforza a nosa convicción de que estamos a cumprir co obxectivo do Itinerario: complementar a formación da comunidade universitaria e suplir os nesgos de xénero que aínda persisten nos diferentes ámbitos de coñecemento.

c. Grao en que cumpriu as expectativas

Moi ben	403	61,25%
Ben	154	23,40%
Regular	66	10,03%
Mal	27	4,10%
Moi mal	8	1,22%

No referido ao cumprimento das expectativas, as valoracións negativas subiron lixeiramente: un total de 5,32 % das respostas indica que a formación non cumpriu coas súas expectativas

de forma satisfactoria, en comparación co 2,36 % do ano anterior. Estes datos fannos valorar a necesidade de mellorar a información das accións formativas para evitar posibles malentendidos, así como de indagar máis neste aspecto a fin de obter unha información máis precisa que nos permita abordar esta cuestión en futuras edicións. Non obstante, a valoración xeral segue sendo moi positiva, con un 61,25 % que indica que os cursos cumpriron «moi ben» as súas expectativas, un aumento de 8,6 puntos respecto ao 52,64 % da edición anterior. Ao sumar o 23,40 % que as avalía como «ben», podemos concluír que unha ampla maioría de participantes segue avaliando moi positivamente a acción formativa.

Aínda que os resultados deste ano son en xeral positivos, vemos que temos áreas onde podemos mellorar, en particular na comunicación e na xestión das expectativas. Este informe permítenos ter, en cada edición, os datos necesarios para continuar facendo os axustes necesarios para intentar mellorar a experiencia formativa de cada participante.

4. Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma Moovi

a. Valoración da estrutura do MOOC

Moi ben	458	69,60%
Ben	140	21,28%
Regular	41	6,23%
Mal	12	1,82%
Moi mal	7	1,06%

Vemos unha tendencia ascendente na valoración da estrutura dos nosos MOOC, onde o 69,60 % das respostas cualifican a estrutura coa puntuación máis alta, superando o 59,31 % da edición anterior. Este resultado reafirma a nosa percepción de que, tras a pandemia, os métodos de aprendizaxe en liña e asíncronos ganaron moita importancia e son altamente valorados polas persoas participantes debido á súa flexibilidade

b. Valoración da Plataforma Moovi

Moi ben	444	67,48%
Ben	158	24,01%
Regular	41	6,23%
Mal	9	1,37%
Moi mal	6	0,91%

Desde a sexta edición, o Itinerario desenvólvese na plataforma Moovi, e este ano, o noso compromiso coa mellora continua mostrou resultados positivos. O 67,48 % das persoas

participantes deron á plataforma a cualificación máis alta, superando o 62,08 % do ano anterior.

5. Cualificación xeral do Itinerario

Moi ben	392	59,57%
Ben	211	32,07%
Regular	41	6,23%
Mal	11	1,67%
Moi mal	3	0,46%

Nesta última edición, os datos evidencian unha vez máis a valoración positiva do Itinerario formativo virtual en xénero. Esta iniciativa segue sendo recoñecida como un recurso educativo especializado, de calidade e diverso, que atrae a un amplo espectro da comunidade universitaria.

O 91,64 % das respostas cualificaron o Itinerario como «moi ben» e «ben», unha porcentaxe total lixeiramente inferior ao 93,89 % da edición anterior. Aínda que esta cifra siga sendo alta, non podemos pasar por alto esta lixeira diminución e tomámolo como unha chamada de atención para mellorar.

Ademais, gustaríanos destacar que a resposta máis alta aumentou respecto da edición anterior, pasando do 57,36 % ao 59,57 % que o describen como «moi ben». Este dato reafirma as boas valoracións desta acción formativa.

6. Conclusións finais e respostas abertas

Desde a Unidade de Igualdade, como responsables desta actividade, queremos destacar o valor e o impacto do Itinerario formativo virtual en xénero. A pesar dun lixeiro descenso no número de matrículas e na porcentaxe de éxito en comparación coa edición anterior, os resultados indican o interese da nosa comunidade universitaria na formación en xénero.

O Itinerario segue sendo un recurso valioso para introducir a perspectiva de xénero en diversos campos do coñecemento. Tamén se evidenciou o valor da plataforma Moovi e a estrutura de nosos MOOC, con valoracións positivas do 67,48 % e 69,60 % respectivamente, o que mostra como se está a consolidar o ensino virtual.

Nesta edición, a participación foi de novo maioritariamente feminina, coas mulleres completando o 81,32 % dos cursos. Aínda que este predominio feminino é consistente coas tendencias pasadas, é alentador notar un **incremento na porcentaxe de homes** que completaron os cursos. Isto sinala un avance na sensibilización e no interese polo estudo do xénero entre o público masculino. Aínda así, segue a ser necesario seguir traballando para atraer a este colectivo para que se formen neste ámbito.

Con todo, os resultados da enquisa final mostran unha **avaliación altamente positiva** do Itinerario. As valoracións reflicten a utilidade e relevancia dos cursos, a satisfacción coa duración das actividades e un alto grao de satisfacción co cumprimento das expectativas do alumnado. Aínda que houbo un lixeiro aumento nas valoracións negativas sobre o cumprimento das expectativas, isto resalta a importancia de mellorar a comunicación e a xestión das expectativas.

En resumo, a Unidade de Igualdade comprométese a seguir mellorando e adaptando o Itinerario para atender as demandas e intereses da nosa comunidade universitaria. A través desta proposta, xa consolidada, a Universidade de Vigo segue a traballar de forma activa na promoción da igualdade de xénero no ensino superior.

a. Respostas abertas

Nas respostas abertas atopamos comentarios sobre os cursos concretos, sobre o Itinerario en xeral e o seu interese e necesidade para completar a formación académica e habilitarse profesionalmente de forma máis completa. Tamén atopamos referencias a docentes, valorando a súa forma de abordar o curso. É habitual, entre os comentarios escritos que se solicite **maior profundidade** nos temas tratados e continuación dos cursos.

Pareceume un contido moi interesante por convidar a reflexionar sobre o impacto das discursividades na conformación de sentido común. Graciñas por realizalo! Gustoume moito como primeiro bocado pero fíxoseme curto. Agora a ler a bibliografía con calma. Grazas!

É importante coñecer o que sucede na nosa contorna e saber que hai un protocolo de actuación. Ata que realicei o curso non me percatara das situacións que están pasando na UVigo.

Moi necesario para facer unha avaliación crítica feminista da nosa práctica docente e mellorar a calidade dos contidos e promover a igualdade e xustiza social e epistemolóxica.

Facilidade de organización da aprendizaxe, variedade de recursos visuais, textuais e actividades complementarias, claridade das explicacións e dos contidos.

Os contidos están explicados de xeito moi divulgativo e ameno, de maneira que te podes facer unha idea xeral de como xurdiu e foi evolucionando o feminismo, sen necesidade de coñecementos previos.

Trátase dun curso moi completo dentro do que é a introdución á perspectiva de xénero. Ademais tamén quero destacar a súa claridade en todos os aspectos, tanto nos contidos como nos vídeos explicativos. Penso que a formación está explicada dun xeito moi fácil de comprender e con ligazóns/vídeos interesantes que espertan interese en afondar no tema.

Contidos interesantes e de calidade, exemplos claros e moi boas docentes para un tema sobre o que hai poucos contidos para persoas non especialistas deste ámbito. Un curso moi bo en todo.

Aprendín como mellorar certos aspectos das miñas guías docentes e a maneira na que imparto as miñas clases e comunico cos estudantes.

Considero que é un curso moi interesante que achega a intelixencia artificial e que fai conscientes de que o noso mundo repercute e ensina ás máquinas desigualdades.

Tamén se habilita un apartado para que as persoas que completan algún dos cursos do Itinerario poidan facer achegas sobre temas que lles parezan de interese para incorporar en novas accións formativas.

- Un curso de mulleres feministas non só pensadoras senón de ámbitos de tecnoloxía e os seus descubrimentos e aportacións á sociedade.
- Teoría feminista (curso máis amplo e profundo en varias propostas e con diferentes docentes).
- Interseccionalidade.
- Como combater a *manosfera*.
- Violencias sexuais.
- Profundización no feminismo radical.
- Traballo de educación sexual integral con familias e adolescencia.
- Ferramentas pedagóxicas prácticas para o aprendizaxe do feminismo e educación afectiva.

- Mediación de conflitos con adolescentes (como afrontar as formacións para evitar as resistencias e influencia da *manosfera*).
- Educación sexual e de xénero en positivo.
- Enfoques críticos co feminismo *mainstream*.
- Saúde e muller, arte e muller.
- Novidades lexislativas.
- Debate en torno á división do feminismo na actualidade.
- Perspectiva feminista na investigación.
- Como influencia o xénero/sexo nos algoritmos.
- Expertas que poderían participar como docentes: @sindytakanashi, @femme.sapiens.
- A violencia de xénero, incidencia en menores.
- Temas relacionados coa poboación xitana.
- *Mansplaining*.
- Intervención en violencia sexual.
- Coeducación e cabalos de Troia na educación e no feminismo.
- Accións formativas con persoas expertas como Amelia Valcárcel, Laura Redondo, Jessica Lara.
- Abordaxe Social, Intervención Social das Violencias Sexuais.

b. Reflexións e valoracións das estudantes do IFVX

Durante o período de docencia da oitava edición do IFVX contamos con tres alumnas en período formativo na Unidade de Igualdade a través de diferentes programas: unha alumna da UVigo cunha bolsa de servizos, unha estudante en prácticas do Ciclo Superior de Promoción de Igualdade de Xénero e unha estudante en prácticas do Mestrado en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria.

Todas elas aproveitaron esta oportunidade para realizar diferentes accións formativas deste programa e, como persoas con coñecementos previos en Estudos de Xénero e con interese

profesional no ámbito da igualdade de xénero, polo que recolleamos a súa experiencia e opinións a través dun cuestionario aberto que nos permite enriquecer a avaliación feita neste informe.

As tres contestaron a oito preguntas, que se recollen a continuación, e que valoraban de forma pormenorizada diferentes aspectos da súa formación a través do IFVX.

1. Cantos cursos fixeches?
2. Que motivou a túa escolla? Por que escolliches uns en concreto e non outros?
3. Que valoras máis? Que mellorarías?
4. Que che pareceron as cuestións prácticas: formato, tempos, prazo de docencia, plataforma utilizada etc. ?
5. Que temas botas en falta no catálogo para completar unha introdución á formación con perspectiva de xénero?
6. Que destacarías do Itinerario se o tiveses que recomendar a alguén?
7. Cres que contribúe a reducir a desigualdade de xénero? Como? Por que?

As tres estudantes tiñan un **coñecemento amplo do Itinerario** xa que como mínimo fixeron, entre esta e outras edicións, 10 cursos cada unha delas. A motivación, como cabe esperar, estivo centrada en intereses persoais e profesionais.

Valoran, como positivo e como negativo, dependendo das expectativas que sexan formacións introdutorias que tal vez a perfílen como os delas lles parece que afondan pouco nos contidos. Propoñen que se amplíen as actividades e as posibilidades para facer máis traballo práctico, e de interacción e reforzar a comunidade virtual que comparte intereses durante os prazos de docencia para reflexionar e debater. As tres coinciden na necesidade de ofrecer tamén cursos máis amplos, que non solo sexan introdutorios, en formatos diferenciados, por exemplo, quizá so un en cada edición, pero que ofrezan unha formación máis específica e que permita ampliar conceptos.

Sobre os temas que lles gustaría que se abordasen en próximas propostas do ITFVX, incluimos as súas respostas par que queden mellor recollidos:

Temas humanísticos. Considero que está bastante dirixido cara ámbitos máis do social. Cursos que se enfoquen cara a literatura, as linguas, as representacións... Tamén boto en falta enfoques desde a filosofía. Por último a relación do xénero con outras construcións sociais, como a raza. Penso que desde as teorías decoloniais de xénero están a facer achegas realmente importantes.

Creo que un curso sobre **interseccionalidade** estaría moi interesante e sobre as diferentes loitas do feminismo ó redor do mundo, xa aínda que tódalas mulleres do mundo sufrimos discriminación non todas somos iguais. Moitas sofren dobres discriminación e coñecer os nosos privilexios é imprescindible para poder ofrecer unha perspectiva de xénero que inclúa a tódalas mulleres.

Boto en falta **unha perspectiva que teña máis en conta aos colectivos minoritarios** que sofren unha dobre discriminación como as mulleres con discapacidade e as mulleres racializadas xa que me parece algo moi importante e necesario.

As cuestións prácticas do funcionamento foron moi ben valoradas polas tres, que consideran que o formato virtual asíncrono facilita que máis xente poida realizalos e a xestión dos tempos, a plataforma pareceulles operativa e o tempo suficiente.

Incluímos tamén as súas respostas finais nas que describen por que recomendarían o IFVX e como cren que contribúe a reducir a desigualdade de xénero.

- Que destacarías do Itinerario se o tiveses que recomendar a alguén?

Se recomendase o itinerario o que destacaría é que os cursos son moi variados polo que pode gustarlle a case calquera persoa algún deles, que son bastante introdutorios polo que non é preciso ter coñecementos previos de igualdade, ademais de que a medida que avanza o curso profunda máis no tema e por último que levan pouco tempo facelos polo que non é preciso dispoñer de moito tempo para completalos.

Recomendaríalle os cursos do Itinerario a unha persoa que estea pensando en iniciarse na formación en perspectiva de xénero, xa que como comentei, os cursos son, na miña opinión, bastante xerais. Permítenche facer un esquema xeral de diversos temas relacionados coa igualdade e a perspectiva de xénero, pero como dixen, para unha persoa que xa teña formación quédanse algo escasos

A variedade de cursos e a certificación das horas.

- Cres que contribúe a reducir a desigualdade de xénero? Como? Por que?

Penso que si. Pois ao final é unha forma de sensibilización e divulgación de teoría feminista. Ao mesmo tempo non sei se realmente ten un impacto considerable. Penso que a facilidade dos tests e a certificación de horas pode ser unha forma de atraer persoas que só realizan o curso polo certificado, sen prestar atención. Eu mesma teño realizado algún dos cursos sen ler o material, facendo os tests, e en 10 minutos obteño o certificado. Non sei se hai algunha maneira de medir o impacto real que ten o itinerario, máis sería interesante facelo. Por outra banda penso que para que o interesante deste tipo de cursos son a capacidade para crear comunidades no espazo virtual. Penso que este aínda é un espazo que se podería explorar desde o itinerario. Tamén complementalo con algunha actividade que traspase o dixital sería interesante.

Este tipo de cursos si que creo que contribúen a reducir a desigualdade de xénero porque alguén que os faga pode abrialle a curiosidade para afondar máis nalgún dos temas e cambiar certas actitudes ou maneiras de actuar, xa sexa na súa vida persoal ou no ámbito laboral. Mais tamén creo que moitas das persoas que acceden a estes cursos xa están familiarizadas e concienciadas con estas temáticas, polo que pode ser que non

Na miña opinión creo que si que contribúe a que haxa unha redución da desigualdade de xénero, debido a que as persoas que realicen os cursos adquirirán novos coñecementos relacionados coa igualdade, que lles pode levar a cambiar as opinións ou pensamentos que tiñan previamente e tamén poden darse contas de actitudes e condutas que tiñan e non eran igualitarias, ademais ao adquirir eses coñecementos e cambiar aspectos do seu día a día, ás veces de maneira inconsciente, transmítenllo ás súas contornas, fomentando desta maneira a igualdade.